

De conversa

Cóntame como pasou

M^a Dolores Tobío Iglesias

Esta é unha conversa entre irmáns que adoptan o papel de entrevistado e entrevistadora co obxectivo de mergullar na memoria para sacar a flote aqueles anos vividos na mocidade nos que as festas e verbenas que tiñan lugar en Lérez eran un acontecemento importante nas súas vidas.

Pasaron algo máis de corenta anos. Estamos a falar de feitos transcorridos a finais dos 70 e inicios dos 80. Tiñamos daquela arredor dos 18 anos.

A nosa relación coas festas, e en particular coa denominada *Festa dos Rapaces*, vai unida á parroquia e á catequese. O crego daquela era don Manuel Osorio, un home afable e próximo que lembramos con afecto por ser quen encheu non só a igrexa de rapazada senón tamén quen abriu as portas do mosteiro a todos nós. Andabamos por todas as dependencias como na nosa casa. Impartiamos o *Catecismo* aos máis pequenos todos os domingos antes da misa das doce, asistiamos logo ao acto relixioso e á saída aínda quedabamos un anaquiño máis enredando coas amigas e amigos. Daquela era a nosa maneira de socializarnos.

Don Manuel foi quen, coincidindo co día que se celebraba a primeira comunión na parroquia, de poñer en marcha unha festa familiar, pensada sobre todo para os cativos, verdadeiros protagonistas do día. É a que se coñece como *A Festa dos Rapaces*. A data elixida será no mes de maio, o domingo previo o da festa do Cristo do Consolo.

Nos primeiros anos, Don Manuel marcaba as directrices e era a cabeza visible da organización das actividades que se facían, pero pouco a pouco vai ir delegando esta función no grupo de mozos e mozas que viñan colaborando con el de forma estreita. Na última etapa da festa, a comisión estará presidida por Valentín Tobío Iglesias.

- Valentín, como xorde a *Festa dos Rapaces*?
- Cando eu entrei na comisión no ano 78, a festa xa levaba realizándose cinco ou seis anos. O noso párroco, Don Manuel, era un home que lle tiña moito cariño aos nenos e nenas. Lémbroo vestido de sotana cun balón e cun chifre chamando á rapazada polo Castelo co fin de xuntarnos e darnos catecismo na tenda do Calacú e ao rematar, xogabamos o partido de fútbol.

Partido de fútbol que non sei se ti recordas seguiu arbitrando el mesmo os domingos despois da misa das doce. Eu creo que a festa nace dese amor que el tiña polos nenos/as co fin de que se achegasen á catequese. Soubo compaxinar o profano e o relixioso e soubo reunir nunha festa todo aquilo que á rapazada de aqueles anos nos podía engaiolar.

- Como chegas a encargarte da organización da festa?
- Se non me equivoco foi, como dixen antes, en 1978 cando comecei colaborando como catequista, e cheguei aí por ti. Daquela todos os da nosa idade eramos catequistas. Tiña 16 anos. Lembro sobre todo a Baquero e Chan, que vivían no Camiño Vello, como as cabezas visibles de todo aquilo e que estaban tamén a cargo da comisión da festa. Foi en 1981 cando quedei á fronte e collín o relevo, porque realmente xa non quedaba ninguén dos veteranos, como no teu caso que fuches estudar, outros, a traballar fóra. Foi mais ben un relevo xeracional.



No centro M^o José Muñiz, presentando os xogos da tarde.

- Quen colaboraba contigo?
- Comigo colaborou moitísima xente. Algúns nomes son Manolo Argibay, Jorge Sobral, Félix, Toño Casalderrey, José Filgueira, Ana Almón, Ana González, M^a Carmen Pereira, as xemelgas Ángela e Beatriz Canosa, Geli Lusquiños, Isabel Argibay, José Manuel Ruibal, Miguel Argibay Cochón, María José Muñiz (que agora é a miña muller) e moitísimas persoas máis que sei que me quedan atrás; lembro algúns nomes como son Alfredo, Merchi, Gloria ou Mari Luz... pero non os seus apelidos. Si, si que pasaron moitas, moitísimas persoas, que cada ano variaban, pois unhas traían a outras; unhas marchaban pero había outras que se incorporaban. Non había conciencia dun equipo como tal, a participación sempre estaba aberta a todos e a todas que voluntariamente quixesen colaborar. Necesitábase moita xente e ninguén sobra porque a organización dos xogos requiría atender moitas fronteas: controlar os espazos, delimitar as zonas (espectadores/ participantes); exercer como encargados das cucañas, carreiras, concursos, e incluso que quixeran ser actores ou actrices participantes na actividade estrela, a Parodia...
- Podes detallar as distintas actividades que se facían, como era o reparto das tarefas?
- D. Manuel confiaba e delegaba ao cen por cen en nós, un grupo de xente nova; non había ningún outro adulto detrás. Todo eran facilidades para desenvolver un programa que abarcaba todo tipo de actividades ao longo de todo o día.
- A festa inaugurábase pola mañá despois da misa, coa chocolatada que reunía os nenos e nenas que acababan de recibir a comunión. Eran as catequistas máis veteranas as que facían o chocolate e servíanno no adro da igrexa. Lembro a Teresa Cochón, a *Aragonesa*, entre elas. Non recordo que se fixese procesión.
- Pola tarde, ás cinco, comezaban os xogos, actividades todas elas dirixidas sobre todo aos máis cativos e cativas. Xogos tradicionais e moi variados (cucañas, globos, carreiras de sacos e carreiras de bicicletas nas que gañaba o máis lento, sen caer, claro está; concursos de cancións, e de guitarra. Tampouco faltaban xogos que imitaban programas televisivos de éxito como o *Un, dous, tres responde outra vez* cos personaxes populares como *La Bombi*... Cada ano tratábamos de ofrecer algo novidoso con respecto aos anos anteriores. O programa era bastante completo e sobre todo dinámico.
- Á noite estas actividades culminaban na *Parodia* e, xa entrada a noite, na tradicional verbena amenizada por orquestras do momento.
- Efectivamente, a *Festa dos Rapaces* vai asociada á *Parodia*. Era o prato forte, non si?
- Si, era a actividade máis novidosa e tratábamos de que fose espectacular, que sorprendese... Seguimos e continuamos coa traxectoria inaugurada nos anos anteriores. Escollíase un tema de actualidade, que naquel momento estivese en auge, ben pola televisión ou polo cine. Facíanse no campo de fútbol, hoxe aparcadoiro. A primeira que nós organizamos foi a parodia da serie de televisión *Curro Jiménez*, serie emitida por TVE entre 1976 e 1978, protagonizada por Sancho Gracia no papel do bandoleiro andaluz *Curro Jiménez* e Álvaro Luna como *O Algarrobo*. Utilizamos o carro de vacas da nosa avoa materna, Aurita, e as vacas da nosa veciña, a señora Carme; Alberto Berea fixo o papel de *Curro Jiménez*, Toño Castillo, o noso curmán, interpretaba o papel do *Algarrobo* e o noso irmán José María facía do *Estudiante*. A música que se escollía tamén era importante. Nesa ocasión foi a ópera *Carmen* de Bizet.
- Outras parodias foron sobre *ET, o extraterreste*, película americana, dirixida por Steven Spielberg que se estreou en 1982 en España, ou unha versión do conto clásico, *Pulgarcito*. Parodias anteriores versaron sobre a película *La Guerra de las Galaxias*. Foi impactante como rapaces que eramos, ver chegar un OVNI dende o alto do mosteiro deslizando por un cable de aceiro ata o campo de fútbol.
- Era todo unha complexa estrutura, que requiría unha boa planificación e organización...
- Si, era un traballo bastante grande porque incluso, non é como agora, os palcos había que montalos, facer a súa armazón, poñerlle a lona... O que non facíamos era desmontalos para que os puidesen utilizar os da festa do Cristo, que tiña lugar a semana seguinte. Con esta comisión de festas naceu unha rivalidade sá, competindo por quen de nós organizaba a mellor festa.
- Tamén se necesitaba tempo para planificar as actividades. Comezábase con moita anticipación, alá polo mes de xaneiro. Pero todo isto recompensaba logo ao ver como á festa acudían persoas de todas as idades e se divertían.

- Que premios se repartían?
- Os premios repartíanse na fase dos xogos infantís unicamente. Eran medallas e para o gañador unha copa dourada metálica; eran premios simbólicos que comprabamos cos cartos que se recadaban das aportacións da veciñanza.
- Con que axudas económicas se contaba?
- A axuda económica coa que se contaba era a que se recadaba de pedir polas casas e establecementos, bares fundamentalmente, da parroquia de Lérez, que daban un donativo sobre todo para contratar a orquestra para a verbena da noite, como era o habitual nesa época en todas as parroquias da nosa contorna.
- E estaba tamén o papel de propaganda, de dar a coñecer a festa...
- A festa sempre foi moi ben acollida pola xente; era un éxito de público. Aquilo enchíase de xente de todas as idades, pero claro, dous días antes estábamos indo por Pontevedra e por toda a parroquia cun coche con altafalante, creo que nalgún momento, incluso con dous coches, anunciando a festa e deixando carteis. O slogan que tiñamos era: *Mozos e vellos, todos fomos nenos; vinde con eles a desfrutar a Lérez.*
- Recordo tamén carteis. Hai algún exemplar que se conserve?
- Efectivamente, poñer en marcha a Festa abarcaba un traballo moi completo que incluía todas as fronteiras, dende ese labor de propaganda, deseño e distribución dos carteis que desenvolviamos nós mesmo. Estaban feitos a man, con rotuladores. Eran moi coloridos, con personaxes de Disney..., en definitiva, trababamos que fosen atractivos para o público infantil. Despois levábanse a unha imprenta de Pontevedra, distribuíanse e tamén se pegaban por todas partes. Lembro que chegamos a pegar os carteis nas árbores que había na praza de Barcelos e veu a policía municipal a preguntar por min como responsable. Agora co tempo dáste conta que o facíamos movidos pola ilusión, sen conciencia de facer ningún mal. Eramos moi novos. Hoxe en día, ata onde eu sei, non conservamos exemplares.
- Algunha anécdota ou suceso relevante do que te lembres?



No podio Juanjo e José Muñiz. Detrás entre outros, Valentín, o Torneiro.

- Anécdotas pódense contar moitas e os imprevistos que puidesen aparecer resolvíanse sen máis, eran de pequeno calado. Pero si que recordo, igual que recordaremos moitos seguro, foi un feito desafortunado que aconteceu no ano 1981 que desembocou nunha pelexa, cando lle prenderon lume ao castiñeiro centenario da entrada ao adro. Por sorte, e grazas a intervención rápida dos bombeiros non chegou a arder de todo. Este suceso obrigou a suspender a verbena. Do feito fíxose eco a prensa local do momento.
- Durante canto tempo se seguiu celebrando esta festa?
- A derradeira festa celebrouse no 84. Será a Asociación San Benito de Lérez, quen anos máis tarde vai recuperar o espírito desta festa familiar.
- Cal é o mellor recordo de todo aquilo?
- A ilusión dos primeiros anos da mocidade, o traballo altruísta e en equipo. Que eramos rapaces con dezaseis, dezasete e dezoito anos cheos de ilusión por facer cousas. E iso deixa pegada.